

ALCALDÍA

CONCELLERÍA
DE
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Expediente 19157-101

INFORME SOBRE A XUSTIFICACIÓN DAS OFERTAS INCURSAS EN PRESUNCIÓN DE ANORMALIDADE PRESENTADAS POLAS EMPRESAS GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN (LOTES 3 e 7) E PANADERÍA EL TRIGAL CELTA (LOTE 4).

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de 15 de setembro de 2022, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por canto as súas ofertas están incursas en presunción de anormalidade, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas:

- GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN (Lotes 3 e 7).
- PANADERÍA EL TRIGAL CELTA (Lote 4).

Dentro do prazo establecido na notificación para a presentación da xustificación, e que rematou o día 22 de setembro de 2022, soamente a licitadora GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. achega documentación xustificativa para os Lotes 3 e 7.

A empresa PANADERÍA EL TRIGAL CELTA non presenta a xustificación requirida para súa oferta ao LOTE 4.

Con data 23 de setembro, remítese o expediente á Xefa da Unidades Administrativa de Alcaldía para informe de xustificación das ofertas con baixas desproporcionadas e mais informe de clasificación.

PRIMEIRO.- Con data 26 de setembro de 2022, procédese a avaliación do informe xustificativo presentado pola empresa GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN.

A empresa licitadora achega 4 arquivos, un deles contén un documento coa xustificación conxunta aos lotes 3 e 7. Os outros 3 arquivos inclúen diferentes tipos de menús: Comidas para grupos (Empresas e Familias); Vino español e cóctel e mais Coffee Break.

O antedito documento de xustificación ten o título de "JUSTIFICACIÓN DE PROPUESTA LOTE 3.- SERVICIO DE CATERING PARA APERITIVO O CÓCTEL CON DULCES", e nel a empresa informa sobre a súa antigüidade e experiencia no campo da restauración, a súa carteira de clientes, así como as infraestruturas, instalacións e o equipo humano do que dispón.

Como xustificación da baixa desproporcionada remítenos aos tres arquivos anteditos que inclúen diferentes tipos de menús: Comidas para grupos. (Empresas e Familias); Vino español e coctel e Coffee Break

Ningún dos tipos de menús incluídos nos arquivos referidos adaptase ao esixido na cláusula 8 B) LOTE 3.- SERVIZO DE CATERING PARA APERITIVO OU CÓCTEL CON

1



DOCES do prego de prescricións técnica, nin en relación ao seu contido, nin en canto ao prezo que poida servir de xustificación a oferta en baixa desproporcionada.

Como xustificación ao LOTE 7 a empresa licitadora expón no parágrafo quinto do documento o seguinte:

“No caso do lote nº 7 o prezo ofertado está vinculado por esta banda (enténdese a empresa licitadora) á complementar e dar cobertura a todas ás necesidades solicitadas pola mesa de contratación, pois é evidente que o mero servizo de botellas de auga non é para o GRUPO ZAKA nin para ningunha empresa de catering de interese comercial”.

O que non xustifica a baixa desproporcionada ao lote 7.

SEGUNDO.- Procédese a avaliación do punto 7. B) 1 das FEC “CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA” para os lotes 3, 4 e 7

A) Avaliación das ofertas presentadas para o LOTE 3: “SERVIZO DE CATERING PARA APERITIVO OU CÓCTEL CON DOCES”.

Redución do prezo unitario recollido no apartado 3.G desta FEC: valorarase con ata **30 puntos**. Para valorar este criterio utilizaranse as fórmulas previstas na cláusula 16.

Prezo unitario 13,18 €

Empresas licitadoras	Prezo en €	% baixa	Puntuación
LUCIMARCA, S.L	13,00	1,37%	30 puntos
PANADERIA EL TRIGAL CELTA	13,18	0,00%	0 puntos

B) Avaliación das ofertas presentadas para o LOTE 4 SERVIZO DE CATERING PARA VINO ESPAÑOL.

Redución do prezo unitario recollido no apartado 3.G desta FEC: valorarase con ata **30 puntos**. Para valorar este criterio utilizaranse as fórmulas previstas na cláusula 16.

Prezo unitario 18,44 €

Empresas licitadoras	Prezo en €	Baixa en €	puntuación
GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN	16,23	11,98 %	30,00
LUCIMARCA, S.L	17,50	5,10%	14,32

C) Avaliación das ofertas presentadas para LOTE 7 SUBMINISTRO DE AUGA EMBOTELLADA PARA ACTOS, EVENTOS E REUNIÓNES.

Redución do prezo unitario recollido no apartado 3.G desta FEC: valorarase con ata **100 puntos**. Para valorar este criterio utilizaranse as fórmulas previstas na cláusula 16.

2



Empresas licitadoras	Prezo en €	% baixa	Puntuación
LUCIMARCA, S.L	0,25	0,00 %	100

TERCEIRO.- Procédese a avaliación do punto 7. B) 2 e 3 CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA e máis á suma de puntos total para os lotes 3, 4 e 7.

A)LOTE 3: "SERVIZO DE CATERING PARA APERITIVO OU CÓCTEL CON DOCES".

2.- Incremento do número mínimo do tipo de produtos doces (3 variedades) segundo a cláusula 8. B. lote 3 do PPTP : valorarase con ata **40 puntos**

Para valorar este criterio outorgaranse 10 puntos por cada variedade de produto doce a mais por persoa. Sendo o mínimo esixido 3 variedades por persoa. Este criterio está directamente relacionado co obxecto do contrato e coa calidade final do servizo, xa que ofrece as persoas convidadas unha maior posibilidade de selección entre os produtos adaptados aos seus gustos.

3.- Incremento do número mínimo de bocados doces por produto e por persoa (2 bocados) segundo cláusula 8. B. lote 3 do PPTP : valorarase con ata **30 puntos**

Para valorar este criterio outorgaranse 10 puntos por cada unidade de bocado a mais por persoa. Sendo o número de bocados esixidos no prego 2 por persoa (cláusula 8. B. lote 3 do PPTP). Este criterio está directamente relacionado co obxecto do contrato e coa calidade final do servizo, xa que ofrece as persoas convidadas unha maior cantidade de produto.

Empresas licitadoras	7.B) Puntos por redución do prezo	1 Puntos por incremento do prezo	7.B) 2 incremento variedades produtos	7.B) 3 incremento nº unidades por produto	Total puntos
LUCIMARCA, S.L	30,00	0,00	0,00	0,00	30,00
PANADERIA EL TRIGAL CELTA	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

B) LOTE 4 SERVICIO DE CATERING PARA VINO ESPAÑOL

2.- Incremento do número mínimo de variedades de produtos (7 variedades segundo cláusula 8. B. lote 4 do PPTP : valorarase con ata **40 puntos**

Para valorar este criterio outorgaranse 10 puntos por cada variedade de produto a mais por persoa. Sendo o número mínimo de variedades esixidas 7 por persoa. Este criterio



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/09/2022 13:07	Páxina 3 de 5
19157-101	CSV: AAAFBB-2A4AA3-4EB851-95CWYY-37D64P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

está directamente relacionado co obxecto do contrato e coa calidade final do servizo, xa que ofrece as persoas convidadas unha maior posibilidade de selección entre os produtos adaptados aos seus gustos.

3.- Incremento do número mínimo de bocados doces por produto e por persoa (2 bocados) segundo cláusula 8. B. lote 4 do PPTP : valorarase con ata 30 puntos

Para valorar este criterio outorgaranse 10 puntos por cada unidade de bocado a mais por persoa. Sendo o número mínimo de bocados mínimo por produto e por persoa 2 (cláusula 8. B. Lote 4 do PPTP). Este criterio está directamente relacionado co obxecto do contrato e coa calidade final do servizo, xa que ofrece as persoas convidadas unha maior cantidade de produto.

Empresas licitadoras	7.B) 1 Puntos por redución do prezo	7.B) 2. c) incremento variedades produtos	7.B) 2.d) incremento nº unidades por produto	Total puntos
GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN	30,00	40,00	30,00	100,00
LUCIMARCA, S.L	14,32	0,00	0,00	14,32

C) LOTE 7 SUBMINISTRO DE AUGA EMBOTELLADA PARA ACTOS, EVENTOS E REUNIÓN.

Non hai máis criterios de avaliación para este lote, excepto o prezo. Sendo a suma total de puntos a seguinte:

Empresas licitadoras	7.B) 1 Puntos por redución do prezo	Total puntos
LUCIMARCA, S.L	100,00	100,00

CUARTO.- A vista da antedita avaliación procédese a ordenar ás empresas licitadoras aos lotes 3, 4 e 7 por orden decrecente da puntuación total para cada lote:

➤ **LOTE 3.-"SERVIZO DE CATERING PARA APERITIVO OU CÓCTEL CON DOCES".**

Empresas licitadoras	Total puntos
LUCIMARCA, S.L	30,00
PANADERIA EL TRIGAL CELTA	00,00

➤ **LOTE 4 SERVIZO DE CATERING PARA VINO ESPAÑOL**

4



Empresas licitadoras	Total puntos
GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN	100,00
LUCIMARCA, S.L	14,32

➤ **LOTE 7 SUBMINISTRO DE AUGA EMBOTELLADA PARA ACTOS, EVENTOS E REUNIÓN.**

Empresas licitadoras	7.B) 1 Puntos por reducción do prezo	Total puntos
LUCIMARCA, S.L	100 puntos	100,00

Dáselle traslado á Mesa de Contratación do presente informe de avaliación para que a vista deste, e en virtude das súas competencias, proceda a continuación do expediente.

LGD

Na data da sinatura dixital,
A Xefa do Servizo da Unidade administrativa da Alcaldía, Luz María González Domínguez

